



Código de verificación : PLTq2775f58a60c5a99

Este documento é Copia Auténtica segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de Outubro. A veracidade deste documento pode comprobarse no seguinte enderezo: <https://www.consellordefacenda.es/csv?csv=PLTq2775f58a60c5a99>



**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES QUE
REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A
ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DA FUNDACIÓN
INSTITUTO FEIRAL DE VIGO (IFEVI) PARA O PERÍODO 2026-2035,
E A REDACCIÓN DO PLAN FUNCIONAL DO RECINTO FEIRAL DO
IFEVI**

Febreiro 2026



Código de verificación : PLTq2775f58a60c5a99



PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO SERVIZO

Este prego establece as prescricións técnicas particulares que rexerán a realización da prestación contratada, consistente na elaboración do Plan Estratéxico da Fundación Instituto Feiral de Vigo - IFEVI para o período 2026-2035, e a redacción do Plan Funcional do recinto feiral do IFEVI, e os requisitos mínimos esixibles para o seu cumprimento, atendendo aos obxectivos da contratación que se especifican no PCAP.

A. PLAN ESTRATÉXICO

1. Contido do Plan Estratéxico.

A elaboración do Plan Estratéxico do IFEVI deberá incluír, polo menos, os apartados seguintes:

a) Diagnóstico da situación actual que inclúa, polo menos, os seguintes aspectos:

➤ **Análise interno da situación na que se atopa o IFEVI:**

A análise revisará a actual estrutura operativa do IFEVI, a súa eficiencia e a dimensión do persoal, para obter un diagnóstico que permita identificar os aspectos fortes, e aqueles que deben ser obxecto de mellora desde un punto de vista estratéxico e de cumprimento dos obxectivos no horizonte temporal ao que se estende o Plan.

➤ **Análise externo comparativo do desenvolvemento doutros recintos feirais**, e das súas actividades relevantes, con especial referencia ao marco normativo que é de aplicación pola natureza de recinto feiral integrante do sector público autonómico de Galicia.

➤ **Análise específico da idoneidade da Fundación integrante do sector público autonómico como vehículo xurídico axeitado** para o desenvolvemento e implantación do Plan Estratéxico. Proposta de alternativas.

➤ **Diagnóstico estratéxico** no que se identifiquen os ámbitos de oportunidade e as novas estratexias, servizos e actuacións que se van acometer para a súa adaptación ás necesidades, e valorar as mellores alternativas para a súa posta en marcha, de acordo cos obxectivos que se perseguen coa elaboración do Plan Estratéxico definido no PCAP.



Código de verificación : PLT42775f58a60c5a99



b) Elaboración do Plan Estratéxico.

A partir do diagnóstico da situación actual, formularase o Plan Estratéxico que inclúa, polo menos, os aspectos seguintes:

- ✓ Configuración dunha folla de ruta na que se identifiquen os ámbitos de oportunidade do recinto feiral, servizos, actividades comerciais e de negocio a acometer no IFEVI, valorando as mellores alternativas para a súa posta en marcha.
- ✓ Definición de estratexias dirixidas á ampliación da oferta a sectores de interese, con liñas de actuación que permitan un mellor aproveitamento do espazo do recinto feiral e das súas instalacións.
- ✓ Identificación doutras actividades non estritamente feirais que poidan facer uso das instalacións, coa apertura e integración a novos sectores, como o sector da hostalaría, que contribúa ao desenvolvemento e evolución do recinto.
- ✓ Estudo, desde un punto de vista estratéxico, da realización simultánea de diferentes eventos.
- ✓ Medidas dirixidas á modernización da entidade e á incorporación de novas tecnoloxías.
- ✓ Definición dos medios persoais e técnicos adecuados para as necesidades que requira o funcionamento da Fundación no novo escenario, para o axeitado funcionamento do recinto e na organización das súas actividades, tendo en conta a condición do IFEVI como entidade do sector público autonómico ou, no seu caso, coa fórmula xurídica alternativa que se propoña.
- ✓ Accións concretas e medidas para a súa implantación no período ao que se estende o Plan Estratéxico 2026-2035.
- ✓ Fixación de prazos específicos de actuación en resposta aos obxectivos que se perseguen coa elaboración do Plan.

2. Proceso de elaboración do Plan Estratéxico.

Na fase de execución do contrato e elaboración do Plan Estratéxico cumpriranse as seguintes actuacións:

- **Celebración de reunións periódicas presenciais** co órgano de contratación e, no seu caso, cos axentes económicos e sociais que se consideren relevantes polo órgano de contratación ou polas partes para o seguimento adecuado da execución do contrato.



Código de verificación : PLTq2775f58a60c5a99



Para tal efecto, a oferta do licitador incluíra **un cronograma cun calendario** das reunións presenciais mínimas que se celebrarán para informar ao órgano de contratación dos traballos que se están realizando, sen prexuízo das reunións que se convoquen polo órgano de contratación ás que deberá asistir o contratista co responsable do proxecto.

- **Coordinación do proceso de elaboración do Plan Estratéxico coa Comisión de Traballo** constituída no seo da Fundación e, no seu caso, con outros axentes sociais e económicos que se consideren relevantes para a consecución dos obxectivos propostos.

3. Documentación.

Todos os documentos, incluídos os borradores dos traballos que se vaian realizando, entregaráselle ao responsable do contrato e ao órgano de contratación, tanto en papel como en soporte dixital PDF en formato editable (DWG para planos e DOCX para memorias). Para a documentación gráfica, débense cumprir as seguintes escalas mínimas para os planos (1:500 ou 1:1000). O responsable do contrato poderá solicitar a presentación noutro formato adicional.

O medio de almacenamento dos arquivos será CD, DVD ou dispositivos de almacenamento USB.

A documentación estará integrada polos documentos gráficos que formen parte dos Plans e polos documentos literarios escritos, que permitan obter un coñecemento completo do contido de ambos Plans.

Todos os documentos do Plan Estratéxico estarán redactados de forma íntegra en galego.

4. Entrega e presentación do Plan Estratéxico.

O contratista procederá á entrega dos documentos de avance e dos documentos definitivos nos prazos establecidos no PCAP.

Ademais, o **contratista deberá realizar unha presentación** ante o órgano de contratación e, se é o caso, ante os axentes sociais e económicos que se consideren relevantes para a consecución dos obxectivos propostos **de cada un dos documentos entregados** (tanto do documento de avance como o documento definitivo), dentro do prazo máximo de 5 días hábiles seguintes á data da súa entrega.

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados con ocasión da súa recepción, nun prazo de 10 días hábiles.



Código de verificación : PLTq2775f58a60c5a99



O contrato entenderase cumprido polo adxudicatario cando este realizase, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción do IFEVI, a totalidade do seu obxecto no prazo acordado, sen prexuízo do indicado no punto 20 do PCAP para o suposto de incumprimento (penalidades por incumprimento ou execución defectuosa).

B. PLAN FUNCIONAL

1. Contido do Plan Funcional.

A elaboración do Plan Funcional do recinto feiral do IFEVI deberá incluír, polo menos, os apartados seguintes:

a) Análise do estado actual das instalacións, que inclúa os seguintes aspectos:

- **Estudo do emprazamento e da evolución das infraestruturas.**
- **Análise das necesidades do IFEVI atendendo á súa situación actual, para adaptarse ás esixencias que require o desenvolvemento das actividades no recinto feiral e obxectivos do Plan Funcional.**

En particular, realizarase un exame dos seguintes aspectos:

- a) a ampliación de pavillóns,
 - b) a mellora de accesos e conexións co transporte público,
 - c) a ampliación e organización do aparcadoiro,
 - d) outras necesidades para mellorar a imaxe e a funcionalidade do recinto feiral (substitución de moqueta, tratamento de solos, canalización de cables, organización de sinalización no interior do recinto e pavillóns, beirarrúas, e espazos exteriores axardinados, etc.).
- **Análise comparativa** con outros recintos feirais e do seu patrón funcional.
 - **Diagnóstico funcional** no que se identifiquen as oportunidades de mellora atendendo ás principais necesidades do IFEVI, identificadas na análise da situación actual, de acordo cos obxectivos que se perseguen.

b) Elaboración do Plan Funcional.

A partir da análise do estado actual, formularase o Plan funcional que inclúa, polo menos, os aspectos seguintes:



Código de verificación : PLT d2775f58a60c5a99



- ✓ Análise das necesidades de aumento da superficie destinada ao desenvolvemento das actividades, con novos pavillóns que permitan atender as esixencias que requiren os organizadores de eventos no recinto feiral, e as novas liñas de actuación que resulten do Plan Estratéxico.
- ✓ Definición e deseño da mellora de accesos ao recinto feiral para adaptarse ao crecemento das instalacións e ao incremento do número de visitantes. Posibles alternativas.
- ✓ Definición e deseño da mellora das conexións co transporte público. Posibles alternativas.
- ✓ Estudo da organización de aparcadoiros coa dotación de novas prazas de aparcamento en condicións adecuadas. Posibles alternativas.
- ✓ Definición e deseño da mellora do estado actual das infraestruturas que constitúen o recinto feiral, atendendo ás necesidades que esixe o adecuado desenvolvemento das actividades nas súas instalacións (mellora estética e funcional e de espazos flexibles, e mellora de imaxe). Posibles alternativas.
- ✓ Accións concretas e medidas para a súa implantación cumprindo a normativa aplicable.
- ✓ Fixación de prazos específicos de actuación para a execución das accións.

Na elaboración do Plan funcional cumpriranse os seguintes requisitos:

- O Plan funcional deberá diferenciar cada unha das infraestruturas afectadas, **de maneira que se poida priorizar a súa execución en función do grao de desenvolvemento.**

Para tal efecto, o Plan clasificará as actuacións en **tres fases sucesivas, a curto, medio e longo prazo, fixando un calendario de actuación para cada fase, cunha estimación orzamentaria, que permita atender con prioridade as necesidades vinculadas a infraestruturas que dispoñen dun maior grao de desenvolvemento fronte ás que esixen máis actuacións para a súa implantación.**

Como **actuacións a curto prazo** pódense identificar entre outras, polo menos, as seguintes:

- Mellora estética e funcional (p.ex. acometidas, accesorios de organización de cables e tarimas, teito técnico, aseos, fontanaría, oficina de organizadores, mantemento en zonas interiores e exteriores, sinalización de acceso aos pavillóns, etc.)



Código de verificación : PLT42775f58a60c5a99



- Reestruturación e aproveitamento dos espazos: en particular, na planta expositiva, plantas -1 e -2, restauración e salas.
- Melloras dos accesos.
- Mellora do aparcadoiro.
- **As conexións exteriores serán obxecto dunha análise específica diferenciada das tres fases antes indicadas**, na medida en que a súa execución require a intervención outras administracións con competencia sobre elas e pode atrasar a execución das demais infraestruturas.
- O Plan Funcional identificará os accesos ao recinto diferenciando entre visitantes e provedores, coa finalidade de obter unha mellor organización das actividades.

2. Proceso de elaboración do Plan funcional.

Na fase de execución do contrato e elaboración do Plan Funcional cumpriranse as seguintes actuacións:

- **Celebración de reunións periódicas presenciais** co órgano de contratación e, de ser o caso, cos axentes económicos e sociais que se consideren relevantes polo órgano de contratación ou polas partes para o seguimento adecuado da execución do contrato.

Para tal efecto, a oferta do licitador incluírá **un cronograma cun calendario** das reunións presenciais mínimas que se celebrarán para informar ao órgano de contratación dos traballos que se están realizando, sen prexuízo das reunións que se convoquen polo órgano de contratación ás que deberá asistir o contratista co responsable do proxecto.

- **Coordinación do proceso de elaboración do Plan Funcional coa Comisión de Traballo** constituída no seo da Fundación e, de ser o caso, con outros axentes sociais e económicos que se consideren relevantes para a consecución dos obxectivos propostos.

3. Documentación.

Todos os documentos, incluídos os borradores dos traballos que se vaian realizando, entregaránselle ao responsable do contrato e ao órgano de contratación, tanto en papel como en soporte dixital PDF en formato editable (DWG para planos e DOCX para memorias). Para a documentación gráfica, deberánse cumprir as seguintes escalas mínimas para os planos (1:500 ou 1:1000). O responsable do contrato poderá solicitar a presentación noutro formato adicional.



Código de verificación : PLT42775f58a60c5a99



O medio de almacenamento dos arquivos será CD, DVD ou dispositivos de almacenamento USB.

A documentación estará integrada polos documentos gráficos que formen parte dos Plans e polos documentos literarios escritos, que permitan obter un coñecemento completo do contido de ambos Plans.

Todos os documentos do Plan Funcional estarán redactados de forma íntegra en galego.

4. Entrega e presentación do Plan Funcional:

O contratista procederá á entrega dos documentos de avance e dos documentos definitivos nos prazos establecidos no PCAP.

Ademais, o **contratista deberá realizar unha presentación** ante o órgano de contratación e, no seu caso, ante os axentes sociais e económicos que se consideren relevantes para a consecución dos obxectivos propostos **de cada un dos documentos entregados** (tanto do documento de avance como o documento definitivo), dentro do prazo máximo de 5 días hábiles seguintes á data da súa entrega.

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, de ser o caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados con ocasión da súa recepción, nun prazo de 10 días hábiles.

O contrato entenderase cumprido polo adxudicatario cando este realizara, de acordo cos termos deste e a satisfacción do IFEVI, a totalidade do seu obxecto no prazo acordado, sen prexuízo do indicado no punto 20 do PCAP para o suposto de incumprimento (penalidades por incumprimento ou execución defectuosa).